


Déborah González (USC-CRPIH) - Sabela Puentes Vega (CRPIH)



**BiRMED é unha base de datos en acceso aberto que se desenvolve no CRPIH e en convenio coa USC. Acolle información bibliográfica especializada na literatura medieval galego-portuguesa. Inaugurada en 2006, actualmente encóntrase na versión 3.2. Contén case 6.300 rexistros e está en constante crecemento.**

En 2022, acometéronse transformacións de fondo e de forma (en particular, melloras metodolóxicas e do modelado dos datos), concibidas para optimizar a calidade e a fiabilidade dos resultados, así como potenciar a operatividade do recurso.

As modificacións e melloras atenderon a cuestións técnicas e literarias, así como a un necesario principio de economía.



A interface mudou para incrementar as opcións de busca e facilitar a navegación de quen precise localizar referencias bibliográficas especializadas.

BiRMED concede buscas simples ou combinadas de forma sinxela e intuitiva. É posible procurar por autor, título, ano, tipo de publicación e lingua; tamén se pode filtrar por temática (opcións: lírica trobadoresca, CSM e prosa literaria), combinar palabras clave e buscar texto en calquera lugar do documento.

Hai certos elementos hipervinculados que permiten ir dun rexistro a outro, e consultar unha publicación nun repositorio, fixando unha navegación máis áxil e dinámica.

Ademais de informar sobre as citas recibidas, a BD rexistra as recensións feitas sobre un título, presentándose vinculadas a este. De tal maneira, amplíase a perspectiva sobre o impacto dunha publicación. Ata o momento, hai rexistradas case 200 recensións.

As buscas combinadas permiten explorar a bibliografía rexistrada sobre un tema, un tópico, a produción dun investigador...

Exemplo →

|                |  |
|----------------|--|
| Autor          | <input type="text"/>   |
| Título         | <input type="text"/>   |
| Ano            | <input type="text"/>   |
| Tipo           | Artigo   |
| Lingua         | <input type="text"/>   |
| Temática       | <input checked="" type="radio"/> CSM <input type="radio"/> Lírica trobadoresca <input type="radio"/> Prosa |
| Palabras clave | mulleres X   |
| Texto          | <input type="text"/>   |

| Título  | Autor                          | Ano       |
|---|--------------------------------|-----------|
| La Cantiga 212 de Alfonso X (La buena mujer de Toledo que prestó el collar a una mujer pobre y se lo robaron) y El Collar de Guy de Maupassant        | Pedrosa Bartolomé, José Manuel | 2007      |
| Las mujeres y su ámbito de desarrollo. Parentesco y familia en las obras alfonsies  | Quiroga, Laura Cecilia         | 2008      |
| Posiciones fatales, aborto, cesárea e infanticidio. Un acercamiento a la ginecología y puericultura hispánica a través de tres manuscritos medievales | González Hernando, Irene       | 2009      |
| Some Adverse Criticism of Women in the CSM  | Zaid, Rhona                    | 1988-1989 |
| La imagen de la mujer en la literatura castellana medieval: hacia un laberinto bibliográfico de mudable fortuna (1986-1996)                           | Mérida Jiménez, Rafael M.      | 1998      |
| The Medieval Woman  | Trivison, Mary Louise [Sister] | 1986      |
| A Reluctant Woman Pilgrim and a Green Bird. A Possible Cantiga Melody Survival in a Sephardic Ballad  | Cohen, Judith R.               | 1995      |
| La Cantiga 105 de Santa María: una historia de agresión física y sexual a una mujer con riesgo de muerte  | Miguel Sesmero, José Ramón de  | 2020      |
| Virgen justiciera: milagros, mujeres y delitos en las Cantigas  | Isabiaga Urkola, Juan José     | 2020      |
| Les femmes en chemin dans les Cantigas de Santa María   | Raimond, Jeanne                | 2007      |
| Fondations et états d'une construction générique ambiguë: Les femmes, les anges et Marie dans les Cantigas de Santa María d'Alphonse X le Savant      | Raimond, Jeanne                | 2003      |
| «Por que me fust' enganar, Santa María, pois en ti fiava?»: casamento, corpo e virgindade em un relato castelhana medieval                            | Antunes Junior, Guilherme      | 2021      |
| «Marisaltos», la judía segoviana protagonista de la Cantiga CVII de Alfonso X el Sabio  | Medrano del Pozo, Sagrario     | 2015      |
| Crimen y pecado sexual en la literatura marial del siglo XIII   | Raimond, Jeanne                | 2020      |
| Madre o Reina, la diosa domesticada. Textos e imáxenes medievales de María  | Raimond, Jeanne                | 2015      |

É posible concretar ou afinar a busca e obter resultados máis especializados a través da incorporación de variables.

Exemplo →

|                |  |
|----------------|--|
| Autor          | <input type="text"/>   |
| Título         | <input type="text"/>   |
| Ano            | 2020   |
| Tipo           | Artigo   |
| Lingua         | <input type="text"/>   |
| Temática       | <input checked="" type="radio"/> CSM <input type="radio"/> Lírica trobadoresca <input type="radio"/> Prosa |
| Palabras clave | mulleres X sexualidade X   |
| Texto          | <input type="text"/>   |

| Título   | Autor                         | Ano  | Tipo   |
|--|-------------------------------|------|--------|
| La Cantiga 105 de Santa María: una historia de agresión física y sexual a una mujer con riesgo de muerte | Miguel Sesmero, José Ramón de | 2020 | Artigo |
| Crimen y pecado sexual en la literatura marial del siglo XIII  | Raimond, Jeanne               | 2020 | Artigo |

Preténdese promover por igual o coñecemento sobre as publicacións relativas á lírica trobadoresca, ás *Cantigas de Santa María* e á prosa literaria, polo que se procura harmonizar e perfeccionar os contidos rexistrados. Se desexa achegar suxestións sobre BiRMED ou os seus contidos, dirixase a [argamed@cirp.gal](mailto:argamed@cirp.gal).

